

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002165	CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez	Cambre	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A área de Comunicación e Representación da Realidade pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas.

Os obxectivos da área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa. Por unha banda, abórdase unha perspectiva comunicativa e, pola outra, perséguese un enfoque interactivo nun contexto plurilingüe e intercultural. Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais. Esta área inclúe un obxectivo relacionado co achegamento ás manifestacións culturais asociadas ás diferentes linguaxes que se integran na área, como un primeiro paso cara ao recoñecemento e á valoración da realidade multicultural e plurilingüe desde a infancia.

Crearase un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles e que estableza relacións entre elas, na busca de que o alumnado desenvolva a capacidade de realizar transferencias. É o caso da linguaxe escrita, un contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que espertará a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural, tendo claro que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba alcanzar nesta etapa.

Nesta etapa educativa iníciase tamén o achegamento á literatura infantil. A biblioteca do centro e a creación na aula dun espazo cálido e acolledor onde situar a biblioteca favorecerá tamén o achegamento natural á literatura.

A persoa docente procurará establecer pautas para o desenvolvemento de hábitos de uso saudables das ferramentas e tecnoloxías dixitais referidos principalmente aos tempos e aos momentos de uso por parte do alumnado, á diferenciación entre imaxe e realidade e ao acceso a contidos adecuados, iniciando así un proceso de alfabetización dixital desde as primeiras etapas educativas.

As linguaxes artísticas, en tanto que sistemas simbólicos, adquiren unha particular relevancia nesta etapa. Proporcionan un leito diferente, variado e flexible para expresarse, mostrar o seu mundo interior e explorar e relacionarse coa contorna con maior liberdade e axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despregar a imaxinación.

A linguaxe musical é un medio que permite a comunicación cos demais, xa que posibilita o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros.

Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos.

Por último, a linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autoconecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

As diferentes linguaxes e formas de expresión que se recollen na área contribúen ao desenvolvemento integral e harmónico das nenas e dos nenos e deben abordarse de maneira global e integrada coas outras dúas áreas do currículo, mediante o deseño de situacións de aprendizaxe nas que poidan utilizar diferentes formas de comunicación e representación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1				1			
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1				1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1							1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1							
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.		1				1		

**Descrición:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A cociña	Trataranse aspectos relacionados coa casa e as súas dependencias, alimentación saudable, coidado do corpo, as profesións e oficios e tamén as emocións.	93	X		
2	O Horto	Abordarase os animais e as plantas do horto e do xardín, alimentos de orixen animal e vexetal, profesións e oficios.	93		X	
3	O garaxe	Abordaranse os transportes, viaxes, medios de comunicación, ocio, tempo libre e comunicación	94			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A cociña	93

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións de comunicación que se producen no aula.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Iníciase no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Amosa interese por explorar as súas posibilidades artísticas.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Utiliza diferentes tipos de linguaxes como medio para comunicarse.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa con interese en experiencias noutras linguas: cancións, contos....	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Desfruta escoitando contos, cancións, poesías... en galego e en castelán.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Recoñecer algunhas palabras relacionadas co vocabulario da unidade na outra lingua cooficial.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega fórmulas de cortesía e de convención social.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Escoita e participa nas cancións, contos e xogos en lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Responde non verbalmente e verbalmente ás instrucións intentando comunicarse coa mestra e a marioneta.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa con gusto nas actividades relacionadas coa linguaxe.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende e interpreta correctamente cando lle falan.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Aumenta o seu vocabulario, especialmente o relacionado coa unidade didáctica.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa ideas e mensaxes de maneira espontánea.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Realiza cada vez con maior precisión os trazos propostos.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iníciase nas primeiras fases das etapas da escritura.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É quen de plasmar gráficamente mensaxes expresadas en diferentes linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Gústalle usar a biblioteca, respectando as súas normas de uso e funcionamento.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta escoitando contos, poesías e demais recursos literarios.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Opina sobre as distintas producións artísticas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Recoñece os sons das letras.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Opina sobre as distintas producións artísticas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Emprega diferentes técnicas plásticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Utiliza as artes plásticas como medio para expresarse.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Opina sobre distintas producións artísticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Exprésase mediante o seu corpo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Vai tomando contacto no manexo das tecnoloxías da informacións e da comunicación.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> <li>- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.</li> <li>- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.</li> <li>- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.</li> <li>- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.</li> <li>- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.</li> </ul>

**Contidos**

- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
2	O Horto	93

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións de comunicación que se producen na aula.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Progresa no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Utiliza as súas posibilidades artísticas para expresarse.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprega diferentes tipos de linguaxes como medio para comunicarse e expresarse.	



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Participa en experiencias en calquera das dúas linguas cooficiais.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Desfrute escoitando contos, cancións, poesías... en galego e en castelán.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as fórmulas de cortesía e de convención social.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Escoita, entende e participa nas cancións, contos e xogos en lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Responde non- verbalmente e verbalmente ás instrucións intentando comunicarse coa mestra e coa marioneta.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa con gusto nas actividades relacionadas coa linguaxe.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende e interpreta correctamente cando lle falan.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Participa en conversacións que se dan na aula.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa ideas e mensaxes de maneira espontánea.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Comeza a traballar con textos en diferentes soportes: escritos, dixitais...	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Reproduce de maneira axeitada os trazos propostos	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Progresa nas primeiras fases das etapas da escritura.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Gústalle usar a biblioteca, respectando as súas normas de uso e funcionamento.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta escoitando contos, poesías e demais recursos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en experiencias relacionadas coa aproximación á literatura infantil	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Opina sobre distintas producións artísticas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta e memoriza cancións traballadas durante a unidade.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Emprega diferentes técnicas plásticas.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Elabora creacións plásticas como ferramenta para plasmar o aprendido noutras linguaxes expresivas.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Ten iniciativa.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Exprésase a través do seu corpo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Familiarízase co uso das ferramentas dixitais que ten ao seu alcance.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> </ul>

## Contidos

- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuir a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.

**Contidos**

- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.

UD	Título da UD	Duración
3	O garaxe	94

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en situacións de comunicación que se producen no aula.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Iníciase no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Amosa interese por explorar as súas posibilidades artísticas.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Emprega diferentes tipos de linguaxes como medio para comunicarse.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Desfruta escoitando contos, cancións, poesías... en galego e en castelán.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amplia e utiliza o vocabulario en galego e castelán aprendido na unidade	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Gústalle escoitar e aprender cousas, tanto en galego como en castelán.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Utiliza fórmulas de cortesía de convención social.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Escoita, participa, entende e recoñece o vocabulario nas cancións, contos e xogos en lingua estranxeira.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Responde non-verbalmente e verbalmente ás instrucións intentando comunicarse coa mestra e coa marioneta.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa con gusto nas actividades relacionadas coa linguaxe.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende e interpreta correctamente cando lle falan.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Aumenta o seu vocabulario, especialmente o relacionado coa unidade.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresa ideas e mensaxes de maneira espontánea.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Expresa verbalmente o aprendido a través doutras linguaxes: plástica, musical...	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese por comunicarse e facerse entender.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Reproduce de maneira axeitada os trazos propostos	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Vai progresando nas diferentes etapas da escritura.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Manipula tipos de textos presentados en diferentes formatos (contos, libros, xornais)	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Gústalle usar a biblioteca, respectando as súas normas de uso e funcionamento.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Desfruta escoitando contos, poesías e demais recursos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en experiencias relacionadas coa aproximación á literatura infantil.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Opina sobre distintas producións artísticas.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	É quen de memorizar e interpretación canción aprendidas, especialmente as relacionadas coa unidade.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É creativo/a nas súas producións.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende que as persoas nos comunicamos de diferentes formas.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Emprega diferentes técnicas plásticas	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	É creativo/a nas súas producións.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Exprésase mediante o seu corpo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Da a súa opinión sobre os traballos e creacións artísticas propias e alleas.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Comprende que as persoas nos comunicamos de diferentes formas.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Identifica os medios de comunicación máis importantes e o seu uso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.</li> <li>- Comunicación interpersonal: empatía e asertividade.</li> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> </ul>

## Contidos

- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.

## Contidos

- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendendo a metodoloxía como o cómo ensinar, esta programación basearase nos principios metodolóxicos que rexen o actual currículo, como poden ser:

- Emprego dun enfoque globalizador, onde todos os elementos vaian interconectados entendidos como un todo global, non compartimentalizado.
- Partir dos coñecementos previos do alumnado, respectando as súas motivacións e intereses, agrupando os contidos a traballar en torno a unha metodoloxía de traballo baseado en unidades didácticas.
- Basearse no principio de aprendizaxe significativa e funcional, onde o que se aprenda poida ser aplicado e transferido á súa vida cotiá.
- Favorecer os diferentes tipos de agrupamentos que permitan un traballo colaborativo e cooperativo, de tal xeito que haberá actividades para facer en grande grupo, pequeno grupo ou grupo entre iguais, e tamén propostas para traballar de xeito individual.
- Respetar as necesidades básicas dos nenos/as a estes anos de xogo, descanso, traballo, etc. mediante o xogo por recunchos, o recreo, as rutinas de aula, ... de tal xeito que teñan tempo para todo e para todos.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material funxible: convencional e non convencional
Material de xogo simbólico
Material de refugallo
Material de orixe natural
Material lúdico para o desenvolvemento de diferentes competencias
Ferramentas tecnolóxicas: ordenadores, tablets, PDI, robots...
Biblioteca de centro e de aula: servizo de préstamo
Material visual: láminas, murais, carteis...



Material de psicomotricidade
Material curricular: currículo, libros de traballo...
Material artístico variado: plástico, musical e dramático.
Recursos persoais: comunidade educativa
Recursos organizativos: espazos
Recursos da contorna: biblioteca municipal, contacontos...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial servirá para marcar un punto de partida para a planificación e organización do proceso educativo que vaise levar a cabo ao longo do curso escolar: cales son as competencias que trae o alumnado, cales son as necesidades do grupo e por onde temos que comezar.

Levarase a cabo nas primeiras semanas de inicio do curso a través de ferramentas como:

- A observación directa e sistemática das actuacións do alumnado nas diferentes propostas didácticas plantexadas: coñecementos previos, necesidades, etc.
- Información aportada polas familias nas primeiras titorías ao comezo do curso e das follas de entrevistas iniciais cubertas.
- Análise das producións realizadas polo alumnado.

Considerarase a avaliación inicial como unha ferramenta moi importante para a identificación temperá de posibles necesidades educativas e, de ser o caso, para a toma de decisións de futuras medidas que se consideren necesarias.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación veñen especificados no apartado de criterios de avaliación de cada unha das unidades didácticas que se van a traballar, e máis concretamente nos seus indicadores de logro. Utilizaranse os criterios de cualificación que veñen predeterminados no XADE:

- Sen dificultade
- En proceso
- Con dificultade.

#### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses; así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado.

Adoptaranse as medidas que optimicen a acción educativa, deseñando e poñendo en práctica accións preventivas e de detección temperá tomando así en consideración a diversidade como un valor, defendendo un modelo inclusivo, que potencie a metodoloxía baseada no Deseño Universal da Aprendizaxe, incluíndo a igualdade de oportunidades, de colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das Tecnoloxías da Información e Comunicación para o alumnado, como apps de estimulación da linguaxe, razoamento, atención... entre outras.

